



EXO GAMIA 0.3

Ramón Caride


Fóra de Xogo (1365135)

96 páxinas, relatos

ISBN: 978-84-9914-222-7

P.V.P: 11,00 €

NOVIDADES MARZO 2011



«EXO GAMIA 0.3» DE RAMÓN CARIDE UN LIBRO PARA O DEBATE SOBRE TEMAS CIENTÍFICOS

EXO GAMIA 0.3 REÚNE MEDIA DUCIA DE RELATOS, NON ESTRITAMENTE LITERARIOS, SUXESTIVOS E NON PECHADOS, QUE PERMITEN ABRIR UN DEBATE NECESARIO SOBRE ALGÚNS DOS TEMAS CIENTÍFICOS CANDENTES DO NOSO TEMPO.

John Brockman sostén que a ciencia é a única noticia, o único verdadeiramente novidoso que hai hoxe sobre a Terra. Na ciencia sempre hai algo novo: a internet, as células-nai, as vacinas contra a SIDA, as probas de ADN, os avances contra o alzhéimer, a loita contra o cambio climático. Ningunha empresa ten o monopolio dos números. Ningunha nación ten a soberanía sobre a adenina e a guanina. Ningún imperio goberna as ondas cuánticas, a astrofísica ou o cálculo diferencial.

Hoxe debe haber sitio para todos na celebración do coñecemento, unha verdade que non se pode vender nin mercar nin impoñer pola forza, nin conter nin evitar. A ciencia é imparabile. *Exogamia 0.3* reúne media ducia de relatos, non estritamente literarios, suxestivos e non pechados, que permiten abrir un debate necesario sobre algúns dos temas candentes do noso tempo, cuestións nas que a ciencia é protagonista, problemas decisivos para a humanidade aos que ninguén pode quedar alleo.

Ramón Caride (Cea, 1957) é autor dunha estensa obra literaria que abrangue a poesía, a narrativa para adultos e a literatura infantil. Para o público infantil é creador da serie formada, ata o momento, polas novelas “Perigo vexetal” (Xerais 1995), Premio Merlín 1995; “Ameaza na Antártida” (Xerais 1997), “O futuro roubado” (Xerais 1999), reunidas no volume “As aventuras de Said e Sheila” (Xerais 2001) e “A negrura do mar” (Xerais 2004). Ademais é autor do conto “A primeira aventura de Said e Sheila” incluído no volume “Historias para calquera lugar” (Xerais 2001), e dos contos infantís “Micifú e os seus amigos” (2001), “Ruki, o rato robot” (2003), “O cabo da serpe” (2004), “Bertiño Rompetodo” (Xerais 2008), “Andanzas de Xan Farrapeiro” (Xerais 2009); e da peza teatral “Historia dunha sobreira” (2001). Na colección Fóra de Xogo ten publicado o libro de relatos científicos “Exogamia 0.3” (Xerais 2011).